



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dirección de recursos humanos

Materia	Dirección de recursos humanos			
Código	V03G720V01322			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS 9	Sinale OB	Curso 3	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Velando Rodríguez, María Elena			
Profesorado	Gómez Fraiz, José Santiago Suárez Porto, Vanessa María Velando Rodríguez, María Elena			
Correo-e	velando@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia centrada no estudo pormenorizado das estratexias, procesos, e técnicas da dirección de recursos humanos nas empresas			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lograr o manexo por parte do alumnado dos coñecementos, e procesos propios da dirección e xestión de recursos humanos, mostrando compromiso coas consecuencias das súas accións en calquera contexto de intervención, reflexionando sobre os seus propios posicionamentos.	
Lograr por parte do alumnado o coñecemento e a aplicación correcta das principais técnicas e ferramentas propias da dirección e xestión de recursos humanos	
Lograr por parte do alumnado a aplicación de ferramentas de procura, filtrado e interpretación da información relevante na área de recursos humanos	
Tomar decisións na procura de solucións a problemas relativos á situación socio-laboral da empresa, aplicando os métodos apropiados así como a emisión dos informes correspondentes	
Conseguir que o alumnado fixe obxetivos, elabore estratexias e planos de acción coherentes co seu entorno	

Contidos

Tema	
BLOQUE I: FUNDAMENTOS DE RRHH	A función de recursos humanos na empresa. Dirección de recursos humanos na empresa. Fontes básicas de información na toma de decisións de recursos humanos (análise e avaliación de postos e avaliación do rendimento).
BLOQUE II: ACTIVIDADES BÁSICAS NA DIRECCIÓN E XESTIÓN DE RRHH	Planificación de recursos humanos na empresa. Estratexias, procesos e técnicas de compensación e retribución. Estratexias, procesos e técnicas de recrutamento, selección e socialización. Estratexias, procesos e técnicas de desenvolvemento dos recursos humanos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	10	7.5	17.5
Resolución de problemas de forma autónoma	0	30	30
Prácticas de laboratorio	27.5	32.5	60
Estudo previo	0	30	30
Lección maxistral	37.5	50	87.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Estudo de casos	Formulación, resolución, presentación e debate de exercicios/cuestións/problemas/casos prácticos por parte do alumnado, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesorado. O alumnado debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, fórmulas ou algoritmos específicos e axeitados, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver de forma autónoma a análise e a resolución dos problemas e/ou exercicios polo que é preciso que o estudantado traballe previamente o material explicado polo profesorado.
Prácticas de laboratorio	Exercicios de aplicación práctica de diversas técnicas por parte do alumnado a través das TIC específicas en aulas de informática, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesorado.
Estudo previo	Traballo autónomo do alumnado que consistirá na procura, lectura e traballo de documentación, preparación e propostas de resolución de problemas e/ou exercicios, así como na preparación de probas avaliáveis.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicios ou proxectos que debe desenvolver a persoa estudante. Requírese a participación activa do alumnado na aula. Ademais soe ser necesario que o estudantado traballe previamente o material entregado polo profesorado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	No MooVi da materia figurará o sistema de concertación de citas e/ou os correos electrónicos do profesorado que siga o sistema de concertación previa.
Estudo de casos	No MooVi da materia figurará o sistema de concertación de citas e/ou os correos electrónicos do profesorado que siga o sistema de concertación previa.
Resolución de problemas de forma autónoma	No MooVi da materia figurará o sistema de concertación de citas e/ou os correos electrónicos do profesorado que siga o sistema de concertación previa.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Avaliarase a comprensión da materia, a aplicación de técnicas específicas axeitadas, a argumentación, a capacidade de transmisión de contidos, na realización de presentacións, resolución de problemas, casos e exercicios nun tempo e condicións establecidos polo profesorado ó longo do período lectivo. A aplicación desta técnica correspóndese coas prácticas da materia recollidas nos grupos medianos.	21.43
Prácticas de laboratorio	Avaliarase a comprensión da materia, a aplicación de técnicas específicas axeitadas, a argumentación, a capacidade de transmisión de contidos, a toma de decisión coherentes, na resolución de problemas e exercicios nun tempo e condicións establecidos polo profesorado ó longo do período lectivo. A aplicación desta técnica correspóndese coas prácticas da materia recollidas nos grupos medianos.	28.57
Lección maxistral	Avaliarase a comprensión da materia, a adquisición de competencias de coñecemento, e destreza na práctica, a través de varias probas de avaliación con contido teórico e práctico, formuladas polo profesorado ó longo do período lectivo.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación continua (AC), ou alternativamente optar por unha

proba de Avaliación Global (AG). A avaliación por defecto é a AC e a descrición desta guía está pensada para esta modalidade de avaliación. O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido, que será publicado no MooVi da materia. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

Sistema de Avaliación Continua (AC)

- a. Sistema de avaliación: realizaranse ao longo do curso varias probas vinculadas á metodoloxía da lección maxistral, e todas as probas terán a mesma ponderación e suporán en total o 50% da nota final de AC. Ademais, realizaranse varias actividades avaliáveis relacionadas coa metodoloxía de prácticas de laboratorio e de estudo de casos. Todas as actividades avaliáveis realizadas nos grupos medianos terán a mesma ponderación e suporán en total o 50% da nota final de AC. As probas/actividades avaliáveis non realizadas contarán como cero.
- b. O alumnado que sexa avaliado no réxime de avaliación continua terá a posibilidade de superar a materia e de obter o 100% da nota. Superarase a materia sempre e cando a nota final da materia seguindo o sistema establecido no apartado anterior (apartado a) sexa maior ou igual a 5 puntos sobre 10.
- c. É obrigatoria a asistencia ás clases nas que este programada unha proba/actividade avaliábel. A programación das probas/actividades avaliáveis estará a disposición do alumnado no MooVi da materia.
- d. Considerarase que o alumnado se ten presentado á avaliación continua cando se teña presentado a algunha das probas/actividades de avaliación desta modalidade.
- e. A concreción das actividades de avaliación continua a realizar dependerá en gran medida do número de estudantes, así como da dispoñibilidade de medios.
- f. As actividades de avaliación continua só se poderán entregar nas datas e sesións establecidas ó efecto, debendo cada estudante asistir ó grupo que teña asignado para a realización das mesmas. O cambio de grupo neste caso deberá ser autorizado polo profesorado.
- g. Se a persoa estudante non supera a materia por avaliación continua, poderá presentarse ó exame de avaliación global da convocatoria ordinaria (convocatoria de febreiro I cuadrimestre). Nese caso, a nota final do curso (primeira oportunidade) será a suma da nota obtida no sistema de AC (apartado a do sistema AC), cunha ponderación do 60% sobre o total, e da nota obtida na proba de avaliación global, cunha ponderación do 40% do total. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
- h. Na segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria de xullo) a persoa estudante deberá presentarse ó exame de avaliación global da segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria de xullo). Dito exame de avaliación global versará sobre a totalidade da materia. A nota final da materia será a maior das dúas seguintes: 1) a nota do exame de avaliación global da convocatoria extraordinaria de xullo (segunda oportunidade), cunha puntuación máxima de 10 puntos, ou 2) a suma da nota obtida no sistema de AC (apartado a do sistema AC), cunha ponderación do 60% sobre o total, e da nota obtida na proba de avaliación global, cunha ponderación do 40% do total. En calquera caso para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
- i. Na convocatoria de fin de carreira o alumnado será avaliado cun exame de avaliación global cunha puntuación máxima de 10 puntos. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Dito exame versará sobre a totalidade da materia.

Proba de Avaliación Global (AG)

- a. Tanto na primeira oportunidade (convocatoria do I cuadrimestre) como na segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria de xullo), e na convocatoria de fin de carreira o alumnado será avaliado cun exame final cunha puntuación máxima de 10 puntos. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Dito exame versará sobre a totalidade da materia.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como "non presentados".

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023/24. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade, <http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html>.

OBSERVACIÓNS

1. Recomendase que o alumnado asista ás clases con regularidade, e ás titorías cando o precisen e se impliquen activamente no seu proceso de aprendizaxe. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MooVi e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas/actividades de avaliación. O sistema de concertación de titorías figurará no MooVi da materia.
2. Recomendase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)
3. Non está permitido facer uso de teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tablets ou similares nas sesións de traballo. Estes deben estar desconectados, agás autorización expresa do profesorado.
4. Os teléfonos móbiles deben estar pechados na realización das probas e o alumnado non debe ter consigo reloxos e demais dispositivos intelixentes na realización das mesmas, agás autorización expresa do profesorado.
5. Non está permitido comer nin beber (agás auga) na clase.
6. É imprescindible asistir ás sesións de aula co material necesario para o seu desenvolvemento (tales como manual, apuntes, enunciado da práctica, entre outros).
7. Para a realización dos exames só se permite o material indicado polo profesorado.
8. A persoa estudante deberá presentarse ao exame debidamente identificada, co D.N.I, pasaporte ou carné de conducir, non sendo válido outro documento.
9. Tódalas probas/actividades avaliáveis deberán ser entregados a súa finalización e baixo ningún concepto poderán ser sacados fora da aula, nin fotografados nin gravados polo alumnado.
10. A revisión de exames terá lugar só no horario e lugar do centro establecido polo profesorado.
11. No caso das actividades docentes que se leven a cabo por medios telemáticos véxase <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

No caso de incumprimento das normas anteriores, o profesorado poderá adoptar as medidas que estime oportunas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- ALBIZU GALLASTEGUI, E. e LANDETA RODRÍGUEZ, J., **Dirección Estratégica de los Recursos Humanos. Teoría y Práctica.**, Pirámide, 2011
- DE LA CALLE, M.C. e ORTIZ DE URBINA, M, **Fundamentos de Recursos Humanos, 2ª ed.**, Pearson Educación, 2018
- LEAL, A., ALFARO DE PRADO, A., RODRÍGUEZ, L. e ROMÁN, M., **El Factor Humano en las Relaciones Laborales**, Pirámide, 1999
- PEREDA MARIN, S., **Dirección y gestión de recursos humanos por competencias**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2011

Bibliografía Complementaria

- ALLES, M.A, **Dirección Estratégica de Recursos Humanos, 3ª ed.**, Granica, 2015
- BYARS, L. e RUE, L., **Gestión de los Recursos Humanos**, Irwin, 1997
- DESSLER, G., **Administración de Recursos Humanos**, Prentice Hall, 2009
- DELGADO Mª I., GÓMEZ L., VÁZQUEZ E., **Gestión de los Recursos Humanos, del Análisis Teórico a la Solución Práctica**, Prentice Hall, 2006
- DOLAN, S., VALLE, R., JACKSON, S e SCHULER, R.S., **La Gestión de los Recursos Humanos**, McGraw Hill, 2007
- FERNÁNDEZ AGUADO J., **Dirigir Personas en la Empresa. Enfoque conceptual y Aplicaciones Prácticas.**, Pirámide, 2007
- FERRER LOPEZ, M.A., **Como confeccionar nóminas y seguros sociales 2017**, 30, Deusto, 2017
- FISHER, C., SCHOENFELDT, L. e SHAW, J., **Human Resource Management, 6th ed.**, Mifflin Co., 2006
- GARCÍA TENORIO, J. e SABATER, R., **Fundamentos de Dirección y Gestión de Recursos Humanos**, Thomson, 2004
- MONDY, R., **Administración de recursos humanos**, Prentice Hall., 2010
- ROBLEDO CAMACHO, M., **D3D. Un Enfoque Integral de la Dirección de Empresas**, Díaz de Santos, 2004
- RUBIO DE MEDINA, M.D., **Retribuciones Laborales**, Bosch, 2005
- SASTRE CASTILLO, M.A. e AGUILAR PASTOR, E.M., **Dirección de Recursos Humanos. Un Enfoque Estratégico.**, McGraw Hill, 2003

VELANDO RODRÍGUEZ, M.E., **Manual Práctico de Planificación de Necesidades de Recursos Humanos (versión actualizada 2022)**, Amazon, 2020

ODE, **Estudio de retribuciones 2012**, ODE, 2012

ODE, **Estudio de retribuciones 2015**, ODE, 2015

ICSA, **Informe de Remuneraciones Pymes y Gran empresa**, ICSA, 2020

<http://www.expansionyempleo.com>,

<http://www.losrecursoshumanos.com/>,

<http://www.rrhhdigital.com/>,

<http://www.mites.gob.es/>,

<http://www.seg-social.es/>,

<http://www.sepe.es>,

<http://www.ine.es>,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Fundamentos de administración/V03G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/V03G020V01203

Outros comentarios

Aportarase ó alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 2º cuatrimestre do 3º curso e o profesorado responsable está integrado por: Vanessa Suárez Porto, Santiago Gómez Fraiz e Mª Elena Velando Rodríguez (Coordinadora) e dado que as clases se imparten na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, os exámenes das convocatorias ordinaria e extraordinaria desta materia terán lugar na data, hora e lugar establecido polo Decanato desta facultad. Consulten a páxina web desta facultad.
